

W. SOMERSET MAUGHAM

# A lúa e seis peniques

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

## 1

Hei de confesar que cando comecei a tratar a Charles Strickland en ningún momento entrevín que houbera nel nada extraordinario, por máis que agora raro é que alguén negue a súa grandeza. E non me refiro á grandeza acadada polo político afortunado ou polo militar de éxito, unha condición máis propia da posición e non da persoa, pois calquera cambio das circunstancias pode reducila a proporcións moi discretas. O Primeiro Ministro, unha vez fóra do cargo, adoita non ser considerado máis ca un ampuloso orador; e un xeneral sen exército é tan só o eslamiado heroe dunha cidade de mercado. No entanto, a grandeza de Charles Strickland era xenuína. A súa arte quizais non guste, mais dificilmente pode obviarse. Como artista, perturba e altera. Atrás quedou o tempo no que era ridiculizado, e xa non se considera unha excentricidade defendelo, nin unha perversidade encomialo. Os seus defectos acéptanse como necesario complemento dos seus méritos. Cabe aínda debater o seu lugar no mundo da arte, e talvez a adulación dos seus admiradores non sexa menos caprichosa ca o desprezo dos seus detractores, pero algo hai que non ten dúbida: era un xenio. Ao meu entender, o máis interesante da arte é a personalidade do artista; se esta é singular, eu estou disposto a desculpar mil eivas e defectos. Supoño que Velázquez era mellor

pintor ca El Greco, pero este tradicional xuízo arrefría a admiración que un sente por el, mentres que o cretense, sensual e tráxico, ofrece o misterio da súa alma como un sacrificio permanente. O artista, sexa pintor, poeta ou músico, a través das súas obras, sublimes ou fermosas, dálle saída ao seu impulso estético. Con todo, este aseméllase ao instinto sexual, pois comparte o seu carácter salvaxe: o artista entrega así un dos meirandes dons, el mesmo. Perseguir o seu segredo ten algo da fascinación que exerce un relato de detectives. É un enigma que comparte co Universo o mérito do irresoluble. A máis insignificante das obras de Strickland suxire unha personalidade estraña, atormentada e complexa. Tal é, con certeza, o que impide (mesmo a aqueles que non gozan cos seus cadros) mirar a súa arte con indiferenza, así como a razón de tan singular interese sobre a súa vida e o seu carácter.

Non foi até catro anos despois da morte de Strickland cando Maurice Huret escribiu aquel artigo no *Mercure de France* no que rescataba o descoñecido pintor do esquecemento, abrindo o camiño polo que máis tarde, con maior ou menor docilidade, transitaron escritores de renome. Durante moito tempo non houbo en Francia crítico ningún cunha autoridade máis incontestable, e era imposible non sentirse impresionado polas afirmacións que sostíña; parecían extravagantes, pero xuízos posteriores confirmaron o seu parecer, e a sona de Charles Strickland está hoxe ben consolidada sobre os alicerces que el colocou. O ascenso da súa reputación é un dos máis románticos acontecementos da historia da arte. Non obstante, non é o meu propósito analizar a obra de Charles Strickland, agás no que teña que ver co seu carácter. Non concordo cos pintores que aseguran xactanciosos que un profano non entende a arte, e que a mellor maneira de amosar o seu

